

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025268	IES As Telleiras	Narón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	37
4.2. Materiais e recursos didácticos	37
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	37
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	37
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	38
5.4. Procedemento para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias	38
6. Medidas de atención á diversidade	39
7.1. Concreción dos elementos transversais	39
7.2. Actividades complementarias	40
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	40
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	41
9. Outros apartados	41

1. Introducción

Vivimos nun mundo dominado pola tecnoloxía e o utilitarismo, entendido como a busca da utilidade evidente e inmediata. O fluxo constante de información por todos os medios impón hoxe, máis que nunca, a necesidade dunha reflexión crítica, pero o espírito crítico non nace só como consecuencia natural do costume de debater. O coñecemento do pasado, como o coñecemento das interioridades das nosas linguas, é imprescindible para desenvolver un verdadeiro espírito crítico, con fundamento.

O coñecemento do latín aporta aos estudantes un maior dominio das linguas modernas, proporcionándolles ferramentas para coñecer e escoller mellor as palabras, para empregalas con propiedade e para recoñecer todo o que esas linguas teñen en común. A sintaxe latina, cos seus casos e a necesidade que implica de levar a cabo unha análise rigorosa e coherente, axuda a crear un espírito analítico e crítico. O contacto directo coas fontes literarias e filosóficas de Occidente, aínda que sexa en pequena medida, dotan ao estudante de seguridade e da sensación de pertenza a unha tradición que segue viva. O legado grecorromano, nos ámbitos lingüístico, histórico, filosófico, etc. non constitúe unha colección de pezas de museo, senón que, ata hoxe mesmo, amosa estar vivo e, de feito, aparece continuamente como fonte literaria, artística, de pensamento.

O inmenso patrimonio cultural grecorromano é, por tanto, un legado que paga a pena coñecer e que pode ter as aplicacións prácticas máis inesperadas en multitude de contextos, dende o terreo literario ao mundo da publicidade, e que facilita ferramentas útiles, a empregar tanto no ámbito laboral como no académico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecendo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Historia da lingua latina	Nesta unidade abordarase a orixe do latín e a súa relación coa familia de linguas indoeuropeas. Farase tamén un percorrido polas variantes e etapas do latín, así como a súa relación coas linguas romances e non romances. Por último, expóranse e analizaranse as lendas romanas relacionadas coa fundación da cidade.	2	8	X		
2	O abecedario latino. Prosodia latina. A pronuncia do latín	Nesta unidade estudarase a orixe do abecedario latino e a súa pronuncia (clásica, medieval e nacional), así como as principais lendas romanas relativas á fundación e os primeiros séculos da cidade.	1	2	X		
3	A flexión nominal (I): primeira e segunda declinacións. Historia e xeografía do imperio romano (I).	Nesta unidade veremos o carácter do latín como lingua flexiva, en comparación con outras linguas non flexivas. Estudaremos o concepto de concordancia e veremos os valores básicos dos casos a través da primeira e a segunda declinacións ou declinación de tema en -a. Tamén abordaremos o estudo da xeografía e historia do imperio romano dende as súas orixes ata a fin da república. Por último, comezaremos a estudar e facer exercicios	5	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	A flexión nominal (I): primeira e segunda declinacións. Historia e xeografía do imperio romano (I).	con expresións latinas de uso actual.	5	8	X		
4	Adxectivos da primeira clase. Historia e xeografía do imperio romano (II)	Nesta unidade estudaranse os adxectivos de tres terminacións ou da primeira clase, e completárase tamén o estudo da xeografía e a historia do imperio romano, concretamente, a época imperial, a caída do imperio de Occidente e a formación dos reinos bárbaros. Continuaremos tamén co estudo e exercicios de expresións latinas de uso actual.	2	4	X		
5	A flexión nominal (II): terceira declinación. Substantivos irregulares. Institucións políticas romanas	Nesta unidade abordamos o estudo da terceira declinación e das institucións políticas romanas, advertindo o carácter modélico dalgunhas delas nos sistemas políticos modernos. Tamén ampliaremos o número de expresións latinas que o alumnado debe coñecer e empregar correctamente.	5	8	X		
6	O adxectivo: clases e graos. Institucións sociais romanas. A escravitude. Situación da muller.	Nesta unidade estudaremos as tres clases de adxectivos, así como os seus graos. Tamén analizaremos a institución da escravitude e a situación xurídica e social da muller. Tamén incorporaremos expresións latinas novas ás xa vistas en unidades anteriores.	5	8	X		
7	Flexión pronominal (I): pronomes persoais, posesivos e demostrativos	Na unidade 7 comezaremos o estudo da flexión pronominal e as súas particularidades, cinguíndonos aos pronomes persoais, posesivos e demostrativos propiamente ditos. Ampliaremos tamén a lista de expresións latinas que o alumnado debe coñecer e empregar correctamente	5	4	X		
8	A flexión nominal (III): cuarta e quinta declinacións. A relixión romana	Nesta unidade completaremos o estudo da flexión nominal e estudaremos a relixión romana, incluída a influencia grega e oriental, así como a relación do estado romano co cristianismo, dende a súa aparición ata o século V d.C. Ademais, ampliaremos a lista de expresións en latín que o alumnado debe coñecer e empregar	5	8		X	
9	Flexión pronominal (II): pronome relativo, demostrativos, interrogativos e indefinidos. A mitoloxía clásica	Nesta unidade estudaremos os demostrativos de identidade e gramatical, así como o pronome relativo e os interrogativos e indefinidos máis frecuentes. Loxicamente, abordaremos o estudo das oracións subordinadas de relativo. Ampliaremos a lista de expresións en latín e faremos unha introdución á mitoloxía clásica e o panteón olímpico.	5	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	A flexión verbal (I): verbo sum e verbos regulares. Voz activa. A romanización de Hispania	Na unidade 10 analizaremos os compoñentes do verbo latino e estudaremos a voz activa da conjugación regular . Ademais ampliaremos a lista de expresións en latín e estudaremos a conquista e romanización de Hispania, así como as súas consecuencias e as pegadas máis visibles da dominación romana	15	15		X	
11	A flexión verbal (II): voz pasiva dos verbos regulares. A romanización de Gallaecia	Nesta unidade completaremos o estudo da conjugación regular, abordando tamén o aspecto sintáctico da voz pasiva. Estudaremos en detalle o proceso de conquista e romanización de Gallaecia, así como as pegadas materiais máis importantes da dominación romana nesta área, e continuaremos co estudo das expresións latinas de uso actual que o alumnado debe coñecer	10	12		X	
12	As formas nominais do verbo (I): o infinitivo. A educación en Roma	Nesta unidade estudaremos a oración de infinitivo latina, sulíñando as semellanzas e as diferenzas co uso do infinitivo nas linguas empregadas polo alumnado. Continuaremos co estudo das expresións latinas de uso frecuente na actualidade e estudaremos a educación en Roma	8	11			X
13	As formas nominais do verbo (II): o participio. A arte romana	Nesta unidade estudaremos os participios latinos e a construción do participio absoluto. Faremos tamén unha introdución á arte romana, relacionándoa cos seus antecedentes históricos e coa súa pegada na arte occidental. Tamén ampliaremos a lista de expresións en latín	8	11			X
14	As formas nominais do verbo (III): xerundio, xerundivo e supino. Obras públicas e urbanismo	Completamos o estudo das formas nominais do verbo e estudamos o urbanismo romano, as obras públicas máis importantes e os restos arqueolóxicos máis salientables, especialmente en España e Galicia	12	11			X
15	Cadro xeral das oracións compostas. Principais regras de evolución do latín ao castelán e o galego. Formación de palabras. Composición e derivación culta.	Unha vez estudadas as oracións de infinitivo e participio, estudaremos un esquema básico das oracións compostas, prestando especial atención aos valores das conxuncións de uso máis frecuente. Estudaremos tamén os procedementos de formación de palabras e o seu reflexo nas linguas modernas, especialmente en galego e castelán, así como as principais regras de evolución do latín a castelán e galego	12	18			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Historia da lingua latina	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	O alumnado deberá explicar, a partir de casos concretos, a relación do latín coas linguas modernas, romances e non romances	PE	100
CA2.4 - Identificar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da diversidade como riqueza cultural, lingüística e dialectal, a partir de criterios dados.	O alumnado deberá analizar un texto breve onde se reflectan distintos prexuízos e estereotipos lingüísticos, identificándoos e rebaténdolos con argumentos tomados dos contidos estudados		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Evolución do latín: as linguas indoeuropeas, etapas da lingua latina, latín vulgar e latín culto, lingua falada e lingua escrita. - Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - O latín como lingua de cultura e prestixio; causas e consecuencias. Analoxía con contextos modernos. - O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances. - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan.

UD	Título da UD	Duración
2	O abecedario latino. Prosodia latina. A pronuncia do latín	2

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	O alumnado debe explicar sucintamente a orixe do abecedario latino e seu uso no mundo actual	PE	45
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	O alumno analizará e valorará un texto breve dun autor romano, traducido, sobre algún dos aspectos estudados da cultura romana		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	O alumnado lerá un texto latino breve empregando a pronuncia clásica	TI	55

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua latina. - O abecedario. A acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais. - Sistemas de escritura ao longo da historia. - O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances. - Respecto por todas as linguas e aceptación das diferenzas culturais das xentes que as falan. - Topografía da antiga Roma, nome e función dos sitios centrais da cidade. - Historia da antiga Roma: - Lendas e principais episodios da historia de Roma. - Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización latina desde a perspectiva sociocultural actual: escravitude e exclusión da muller. - Influencias da cultura grega na civilización latina. - A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.

UD	Título da UD	Duración
3	A flexión nominal (I): primeira e segunda declinacións. Historia e xeografía do imperio romano (I).	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	O alumnado deberá realizar a análise morfosintáctica e a tradución de oracións simples en latín con substantivos da 1ª e a 2ª declinacións	PE	65
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	O alumnado deberá analizar e explicar as semellanzas e diferenzas que atope entre a sintaxe latina e a sintaxe do galego e o castelán		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	O alumnado deberá ser quen de establecer e explicar as semellanzas entre os procesos históricos tratados na unidade e outros da posterior historia europea		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	O alumnado debe participar activamente na corrección das propias traducións e as dos seus compañeiros	TI	35
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	O alumnado deberá coñecer e explicar os períodos básicos da historia romana ata o comezo da era cristiá, así como os feitos e procesos históricos máis salientables		
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	O alumnado deberá participar en debates sobre a asunción de diversos aspectos do legado romano cunha actitude crítica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Unidades lingüísticas da lingua latina.

Contidos

- Clases de palabras.
- Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións).
- Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión.
- A tradución: técnicas, procesos e ferramentas.
- A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución.
- Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar.
- Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación.
- Léxico:
- Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano.
- Topografía da antiga Roma, nome e función dos sitios centrais da cidade.
- Historia da antiga Roma:
- Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio).
- Lendas e principais episodios da historia de Roma.
- Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa.
- Influencias da cultura grega na civilización latina.
- Relación de Roma con culturas estranxeiras (Grecia, o cristianismo). Roma como exemplo de potencia imperialista: desmitificación da dominación romana.
- O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental.
- A mitoloxía clásica en manifestacións literarias e artísticas. A presenza da mitoloxía clásica na publicidade, o deporte e outras manifestacións populares actuais.
- As institucións políticas romanas e a súa influencia e persistencia no sistema político actual.

UD	Título da UD	Duración
4	Adxectivos da primeira clase. Historia e xeografía do imperio romano (II)	4

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	Realizar análise morfosintáctica e tradución de oracións simples con substantivos e adxectivos da 1ª e a 2ª declinacións		
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	Entender e explicar as semellanzas e diferenzas entre a sintaxe latina e a castelá/galega	PE	90
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Coñecer e explicar os períodos da historia de Roma, os fitos históricos de cada período e o papel das personalidades máis sobresaíntes		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	Participar activamente na corrección dos exercicios de análise e tradución	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua latina. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Léxico:

Contidos

- Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos.
- Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Xeografía do proceso de expansión de Roma desde o seu nacemento ata a desaparición do Imperio romano.
- Topografía da antiga Roma, nome e función dos sitios centrais da cidade.
- Historia da antiga Roma:
- Etapas da historia de Roma (monarquía, república, imperio).
- Fitos da historia do mundo romano entre os séculos VIII a. de C. e V d. de C.
- Lendas e principais episodios da historia de Roma.
- Personalidades históricas relevantes da historia de Roma, a súa biografía en contexto e a súa importancia para Europa.
- A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.
- O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental.

UD	Título da UD	Duración
5	A flexión nominal (II): terceira declinación. Substantivos irregulares. Institucións políticas romanas	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	O alumnado debe analizar morfosintacticamente e traducir correctamente oracións simples con substantivos das tres primeiras declinacións	PE	79
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	O alumnado realizará a tradución ao latín de oracións simples en galego e castelán		
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	O alumnado deducirá o significado etimolóxico de termos de uso común e inferirá termos de nova aparición relacionados co vocabulario básico en latín que vaian asimilando		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	Os alumnos explicarán o carácter, función e evolución das institucións políticas básicas da república romana, comparándoas coas institucións políticas contemporáneas e valorando o seu papel na evolución das sociedades occidentais cara á democracia		
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	O alumnado debe ter en conta a polisemia e seleccionar o significado das palabras atendendo ao contexto		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	O alumnado debe participar activamente na análise e corrección de exercicios de análise morfosintáctica e tradución		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	O alumnado lerá en voz alta textos sinxelos en latín, empregando a pronuncia clásica e identificando os casos e as funcións sintácticas básicas		
CA1.7 - Planificar e participar, cando se considere necesario, en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns, próximos á súa experiencia, apoiándose en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortésia lingüística e as opinións das persoas interlocutoras.	O alumnado deberá participar en diálogos breves e sinxelos sobre temas cotiáns	TI	21
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	O alumnado explicará a relación do latín coas linguas modernas analizando elementos lingüísticos comúns, concretamente, vocabulario científico-técnico das materias que cursa		
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	Os alumnos explicarán o carácter e función das institucións políticas básicas da república romana, comparándoas coas institucións políticas contemporáneas		
CA4.2 - Debater sobre a importancia, evolución, asimilación ou cuestionamento de diferentes aspectos do legado romano na nosa sociedade, mediando entre posturas, seleccionando e contrastando información.	Os alumnos debaterán sobre o carácter das institucións políticas básicas da república romana, comparándoas coas institucións políticas contemporáneas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Unidades lingüísticas da lingua latina. - Clases de palabras. - Concepto de lingua flexiva: flexión nominal e pronominal (sistema casual e declinacións), flexión verbal (sistema de conxugacións). - Sintaxe oracional: funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Estruturas oracionais. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. Comparativa coa orde natural das palabras nas oracións das linguas de repertorio do alumnado para unha mellor comprensión. - A tradución: técnicas, procesos e ferramentas. - A análise morfosintáctica como ferramenta complementaria de tradución. - Estratexias de tradución: formulación de expectativas a partir, entre outros, de contorno textual e do propio texto, paráfrases simplificadas en lingua latina, contexto, coñecemento do tema, descrición da estrutura e xénero, peculiaridades lingüísticas dos textos traducidos, erros frecuentes de tradución e técnicas para os evitar. - Ferramentas de tradución, cando se considere necesario. - Estratexias básicas de retroversión de textos breves. Concepto e uso de expresións idiomáticas. - A tradución como instrumento que pode favorecer o razoamento lóxico, a resolución de problemas e a capacidade de análise e síntese, dentro dos límites e inconsistencias propias da tradución. - Aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe e actitude positiva de superación. - Destrezas comunicativas do uso da lingua latina. - Léxico común de interese e/ou uso cotián para o alumnado: espazo, tempo e/ou vida diaria. Estratexias de enriquecemento léxico (derivación, polisemia, sinonimia...). - Estratexias básicas conversacionais para iniciar, manter e rematar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións etc. - Influencia do latín na evolución das linguas de ensino e do resto de linguas que conforman o repertorio lingüístico individual do alumnado. - Léxico: <ul style="list-style-type: none"> - Expresións latinas integradas nas linguas modernas e o seu emprego en diferentes tipos de textos. - Interese por coñecer o significado etimolóxico das palabras e a importancia do uso adecuado do vocabulario como instrumento básico na comunicación. - O latín como instrumento que permite un mellor coñecemento das linguas de estudo e un máis fácil achegamento a outras linguas modernas, romances e non romances. - Expresións e léxico específico básico para reflexionar e compartir a reflexión sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe). - Historia da antiga Roma: <ul style="list-style-type: none"> - Historia e organización política e social de Roma como parte esencial da historia e cultura da sociedade actual. - Institucións, crenzas e formas de vida da civilización latina desde a perspectiva sociocultural actual: escravitude e exclusión da muller. - A achega de Roma á cultura e ao pensamento da sociedade occidental.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Relación de Roma con culturas estranxeiras (Grecia, o cristianismo?). Roma como exemplo de potencia imperialista: desmitificación da dominación romana. - O mar Mediterráneo como encrucillada de culturas onte e hoxe. Da Europa mediterránea á Europa continental. - As institucións políticas romanas e a súa influencia e persistencia no sistema político actual.

UD	Título da UD	Duración
6	O adxectivo: clases e graos. Institucións sociais romanas. A escravitude. Situación da muller.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Realizar traducións directas e/ou inversas de textos ou fragmentos adaptados ou orixinais, de dificultade adecuada e progresiva, con corrección ortográfica e expresiva, identificando e analizando, cando se considere necesario, unidades lingüísticas regulares da lingua e apreciando variantes e coincidencias con outras linguas coñecidas.	O alumnado deberá realizar a tradución e a análise morfosintáctica de oracións simples e, concretamente, oracións que conteñan adxectivos nos seus diferentes graos.		
CA1.2 - Seleccionar de maneira progresivamente autónoma o significado apropiado de palabras polisémicas e xustificar a decisión, tendo en conta a información cotextual ou contextual e utilizando ferramentas diversas de apoio ao proceso de tradución en distintos soportes cando se considere necesario.	O alumnado deberá seleccionar, de entre os significados que aparecen no dicionario de latín, aqueles que mellor encaixen no contexto a traducir.		
CA1.8 - Redactar en latín, a partir de criterios dados, textos básicos de estrutura clara, evitando erros que impidan a comprensión.	O alumnado redactará oracións simples en latín, empregando os graos comparativo e superlativo do adxectivo latino		
CA2.1 - Deducir o significado etimolóxico dun termo de uso común e inferir o significado de termos de nova aparición ou procedentes de léxico especializado aplicando, de maneira guiada, estratexias de recoñecemento de formantes latinos atendendo aos cambios fonéticos, morfolóxicos ou semánticos que tivesen lugar.	O alumnado deducirá o significado de palabras de uso común en galego e castelán partindo do significado do étimo latino		
CA3.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados á luz da evolución das sociedades e os dereitos humanos, e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida e unha cidadanía comprometida coa memoria colectiva e os valores democráticos.	O alumnado explicará a escravitude romana e o papel da muller na sociedade romana, comparando esas realidades históricas con outras épocas por el coñecidas e fundamentalmente co mundo contemporáneo		
		PE	80

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Explicar, a partir de criterios dados, os procesos históricos e políticos, as institucións, os modos de vida e os costumes da sociedade romana, comparándoos cos das sociedades actuais, valorando as adaptacións e os cambios experimentados e favorecendo o desenvolvemento dunha cultura compartida.	O alumnado explicará, a partir dun texto dado, a institución da escravitude romana, comparándoa co fenómeno escravista no mundo moderno		
CA1.3 - Revisar e emendar de maneira progresivamente autónoma as propias traducións e as das compañeiras e compañeiros, realizando propostas de mellora e argumentando os cambios con terminoloxía especializada a partir da reflexión lingüística.	O alumnado realizará as tarefas de tradución que lle sexan encomendadas e participará activamente no proceso de corrección en común.		
CA1.4 - Realizar a lectura directa de textos latinos sinxelos identificando as unidades lingüísticas básicas da lingua latina, comparándoas coas das linguas do repertorio lingüístico propio e asimilando os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais do latín.	O alumnado realizará a lectura en voz alta de textos latinos sinxelos, identificando as súas unidades básicas e empregando a pronuncia clásica		
CA2.3 - Explicar, de maneira guiada, a relación do latín coas linguas modernas, analizando os elementos lingüísticos comúns de orixe latina e utilizando de forma guiada estratexias e coñecementos das linguas e linguaxes que conforman o repertorio do alumnado.	O alumnado explicará e comparará os graos do adxectivo en latín coas estruturas correspondentes nas linguas modernas que son obxecto do seu estudo	TI	20
